

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*ORDE do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR450A).*

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece no seu artigo 10 que lle corresponde á Xunta de Galicia a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere preciso prestar de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigo 25.2, alínea f), así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (artigos 80, 81 e 82), determinan que o Concello, como entidade básica da organización territorial do Estado, é a vía de participación da cidadanía en diferentes materias tales como a protección civil, as emerxencias e a prevención de riscos.

A Unión Europea incidiu neste campo a través do programa operativo Feder 2014-2020, eixo 5: promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos, e da prioridade de investimento 5.2: fomento do investimento para facer fronte a riscos específicos, garantindo unha resiliencia fronte a catástrofes e desenvolvendo sistemas de xestión de catástrofes, a través de melloras de infraestruturas, instalacións e equipamentos destinados á prevención e xestión de riscos, tendo como obxectivo fundamental o



En relación coa publicidade do financiamento, o beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de información e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluírá a imaxe institucional da Xunta de Galicia e mostrará:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) A referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto.
- c) A referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

2. Durante o período mínimo de mantemento dos bens cedidos:

a) Fará unha breve descrición do proxecto no seu sitio da internet, no caso de que dispoña dun, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, destacando o apoio financeiro da Xunta de Galicia e da Unión Europea.

b) Colocará un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no cal se mencionará a axuda financeira da Xunta de Galicia e da Unión Europea, nun lugar visible para o público. Un modelo válido deste cartel porase á disposición das entidades beneficiarias da axuda coa acta de entrega dos equipamentos de emerxencias.

Así mesmo, tamén se deben achegar medidas para garantir a compatibilidade coas políticas comunitarias en materia ambiental, de contratación pública, de igualdade de oportunidades e coas regras de competencia.

De igual xeito, e de acordo co establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, os concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos quedarán obrigados ao mantemento dos bens cedidos un mínimo de cinco (5) anos.

#### Artigo 14. *Reversión dos bens na Comunidade Autónoma*

1. Se o equipamento cedido non se aplicase ao fin sinalado ou deixase de estalo con posterioridade, se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento ou se incumprisen as condicións que se detallan nesta orde, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán

